



## A Análise

# A economía española precisa dun Plan Industrial Nacional para salvar a crise



O Debate sobre o Estado da Nación trouxo novas respecto dos plans que o Goberno Central ten para a economía española, novas referidas a reformas estruturais, apenas esbozadas, para compensar os axustes con incentivos ao crecemento, facilitando a financiación e favorecendo a contratación.

A falla de concretarse estas medidas, algunhas das anunciadas, como a mobilización de crédito para Pymes, ou o incentivo á contratación, son imprescindibles, pero a nosa economía necesita un Plan Industrial a Nivel Nacional, que abrangue tódolos sectores e incida na dinamización do tecido productivo.

É imprescindible a posta en práctica dun plan estruturado no que as medidas anunciadas sexan a base, pero de nada servirá lanzar iniciativas illadas porque na súa aplicación perderán eficacia.

### 45.000 millóns en crédito a Pymes

O presidente do Goberno, Mariano Rajoy, anunciaba nas últimas semanas que a intención do Executivo é mobilizar un total de 45.000 millóns de euros en crédito para Pymes.

Ao mesmo tempo, acadábase o compromiso de entidades financeiras como Banco Popular, Sabadell ou Bankia, para aportar outros 10.000 millóns, mediante iniciativas propias, algunhas das cales puxéronse en marcha xa no mes de xaneiro.

Non cabe dúbida que facilitar o crédito é unha medida básica e imprescindible.

Parece que finalmente o Executivo decatouse de que debe actuar directamente sobre o maior xerador de riqueza, sen recurrir a métodos de intermediación que, en ocasións, fan que as axudas ou facilidades non acaden a finalidade para a que foron establecidas.

Autónomos, Pymes e grandes empresas enfróntanse nos últimos anos á peor das dificultades: a restricción financeira. Nesta situación, non parece de recibo que as entidades bancarias obteñan axudas multimillonarias do Goberno Central e a Unión Europea, e que estas non se empreguen para máis que para maquillar balances, sen chegar ao mercado que tanto as necesita e as demanda.

Se é ben certo que nos momentos de bonanza o acceso ao crédito era demasiado fácil, os extremos nunca son bos. Agardemos que a reestructuración do sistema bancario español conclúa canto antes e que as entidades que se manteñan exerzan como o que son: entidades de crédito.

### Cambios no pago do IVE

Mariano Rajoy anunciaba tamén a determinación do Executivo de por fin ao adianto do IVE por parte das empresas en facturas non pagadas. Unha boa opción que axudará a reducir a dependencia do mercado financeiro, pero que require tamén dun maior control do cumprimento da normativa de pagos, que moitas empresas, e incluso administracións públicas, non cumpren.

**Foto:**

**Isidro Silveira. Presidente de Cofer**

### Actualidade

O Conselleiro de Industria comprométese coa diversificación de Ferrolterra

### Tapeate Ferrol

Arranca o concurso de tapas da Asociación de Hostaleiros de Ferrol e Comarcas

### II Mercado de Segunda Mão

Os Comerciantes do Mercado de Recimil convocan o seu Mercado de Segunda Man

### Comunicación

Medra o número de PYMES que contan con páxinas web para a súa promoción

### RSE

A Xunta presenta unha ferramenta para a xestión da Responsabilidade Social Empresarial

### Axenda

Misións comerciais, feiras e actividades empresariais previstas para próximas datas





## O conselleiro de Economía e Industria garante o seu total respaldo á diversificación industrial de Ferrolterra

O presidente de Cofer, Isidro Silveira, mantivo o pasado venres, día 22 de Febreiro, un encontro de traballo co Conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde López, para avaliar a situación de grave crise na que se atopan as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegai e estudar alternativas que permitan o reflotamento económico da zona.

A crítica situación do naval ocupou boa parte desta reunión, na que o titular de Cofer solicitou ao representante da Xunta a súa colaboración para o desbloqueo da iniciativa de construción do dique flotante para Navantia.

A este respecto, Francisco Conde manifestou o seu absoluto interese en respaldar calquera iniciativa encaminada á mellora das infraestructuras na área de Reparacións do astillero público ferrolán que permita á factoría estar preparada para atender as demandas e necesidades dos seus clientes.

Tamén no mesmo encontro, o Conselleiro de Economía e Industria reiteroulle ao presidente de Cofer que os contratos para a construción dos flotéis para Pemex se materializarán nos vindeiros meses, ao tempo que suliñou que é necesario seguir traballando para incrementar o volume de contratación dos dous asteiros públicos, Navantia Ferrol e Fene, para o que comprometeu o total respaldo da Xunta de Galicia. Isidro Silveira fixo especial fincapé diante do Conselleiro de Economía e Industria na perentoria necesidade de romper coa excesiva dependencia que Ferrolterra ten respecto do sector naval. Por este motivo, incidiu o presidente de Cofer, é imprescindible poñer en marcha un plan de diversificación industrial real e efectiva para as tres comarcas, que prime especialmente a faceta da internacionalización de empresas, xa sexa de xeito individual ou colectivo.

Neste senso, o conselleiro confirmou a continuidade do Plan Ferrol, coa pronta designación dun novo director que substitúa a Gonzalo Tignor, quen ven ocupando o cargo ata o de agora.

Asimismo, a Consellería de Industria pretende seguir apoiando a implantación e desenvolvemento de proxectos empresariais que favorezan a dinamización do porto exterior de Caneliñas.

Diante do problema financeiro que afrontan as empresas, motivado polas restricións no crédito, a Xunta de Galicia pretende, segundo lle explicou Francisco Conde a Isidro Silveira, por en marcha unha liña de avais e un plan de axudas dirixidas aos denominados sectores estratéxicos, baseadas no apoio a proxectos de innovación tecnolóxica que permitan ás empresas desenvolver produtos novedosos que as fagan competitivas nun mercado tan globalizado como o actual.

## Aprobado o modelo de declaración informativa sobre os bens e dereitos situados no extranxeiro



O BOE de data 31 de Xaneiro deste ano publica a Orde pola que se aproba o modelo 720 de Declaración Informativa sobre bens e dereitos situados no extranxeiro.

A medida afecta tamén a persoas físicas, que deberán informar sobre as súas contas en entidades financeiras, inmobles e accións que teñan no extranxeiro sempre que o seu valor supere os 50.000 euros.

Esta obriga non supón pagar máis impostos, xa que se trata dunha declaración informativa. Non obstante, ten importantes consecuencias económicas.

Co cambio normativo incluído na nova Ley contra do Fraude Fiscal que se aprobou o pasado outubro, o contribuínte deberá informar deses bens e, en caso contrario, o capital total evadido será obxecto de regularización e sanción, con independencia de que o suposto fraude ou delito fiscal xa estea prescrito.

O trámite pode realizarse dende o 1

de Febreiro ata o 30 de abril. A declaración debe facerse a través de Internet.

Para calquera información os interesados poden dirixirse ao teléfono de Información Tributaria: 901 33 55 33 ou ao Centro de Atención Telefónica: 901 200 345.

Tamén na páxina web da Axencia Tributaria está disponible toda a información que poidan precisar sobre este asunto, así como os formularios electrónicos que se precisan para realizar a declaración.

[www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es)



## O Concurso Tapéate Ferrol, da Asociación de Empresarios de Hostalería arranca este mes



Neste mes de marzo arranca o concurso **Tapéate Ferrol** organizado pola Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e comarcas coa colaboración da Concellería de Turismo de Ferrol e a Empresa Mixta de Turismo.

Dende o día 1 e ata o 24 de Marzo todos os xoves, venres, sábados e domingos os ferroláns poderán saborear as tapas creadas polos establecementos que se teñan presentado ao concurso.

Poden ser tanto tapas dulces como

salgadas e ofreceranse aos clientes ao prezo de 2 euros, coa bebida aparte.

Serán os clientes os que fagan as votacións durante as tres primeiras fins de semana de celebración do concurso.

Desta votación sairán as dez tapas finalistas e será un xurado constituído por tres profesionais do sector o que elixa, o día 21, a tapa que merece o Premio Especial do Xurado, dotado con 600€.

Ademáis outorgaranse tres galar-

Idóns do público, dotados con 400, 300 e 200€ respectivamente.

Tamén para os clientes haberá premios. A Empresa Mixta de Turismo do Concello de Ferrol aporta estancias de Turismo Rural e actividades de Turismo Activo en Ferrolterra por valor de 300€.

**Tapéate Ferrol** ten por obxectivo, segundo explican dende a Asociación de Hostaleiros, favorecer a dinamización e desestacionalización da Hostalería local nun momento de crise como o actual.

## “Mercado de Recimil” prepara o seu II Mercado de Segunda Man

A Asociación de Comerciantes Mercado de Recimil ten aberta xa a inscrición para a segunda edición do seu Mercado de Segunda Man.

A convocatoria está prevista para o vindeiro día 23 de Marzo e conta unha vez máis coa colaboración do Concello de Ferrol.

A convocatoria ten como obxectivo potenciar un consumo máis responsable e colaborativo, incentivando a reutilización de obxectos usados, ao tempo que se favorece que nunha época de crise como a actual os cidadáns aprendan a sacar partido daquello que xa non lles é útil e que

aínda está en bo estado, sacándoo á venda para que os que lle vexan unha utilidade poidan aproveitalo.

Neste mercadillo poderán venderse artigos de segunda man ou artesanais que non comporten ningún risco para o adquirinte: libros, comics, revistas, películas, videos, discos, cds e similares, sempre orixinais, non se admitirán copias.

Os participantes, serán responsables da procedencia lícita das mercadorías que poñen á venda, tamén poderán vender xogos e artigos informáticos que non sexan copia, roupa e outros textís, antigüi-

dades, cadros, pinturas e obxectos de decoración, coleccionables, xoguetes, excepto bélicos, artigos de cerámica, cristal, fotografía e similares, etc.

Non se permitirá a venda de artigos perecederos, sustancias químicas ou medicamentos, animais, produtos novos, armas ou materiais explosivos, quincallería ou chatarra e calquera outra mercadoría que requira dispor do carné de manipulador ou autorización especial.

Os interesados en participar poden obter máis información no teléfono 671 770 462.



## Comunicación

### Medra o número de Pymes que dispoñen de páxina web

O último informe do Observatorio Nacional das Telecomunicacións (ONTSI) sobre as TIC nas grandes empresas e microempresas españolas, revela interesantes datos referidos ao uso que o tecido empresarial español fai das tecnoloxías da información e a comunicación.

O estudo sinala que crece a dispoñibilidade de páxina web nas empresas de entre 10 e 49 traballadores. O 67% das Pymes e grandes empresas dispón de site e no caso das microempresas, a porcentaxe oscila entre o 25% e o 38% en función do seu número de traballadores.

É no sector de hoteis e axencias de viaxes onde a aposta pola páxina web é máis clara. Aquí o 67% das microempresas con Internet dispón de páxina na Rede, o que representa máis de 40 puntos por enriba da media.

O segundo posto ocúpa o sector da informática, as telecomunicacións e audiovisuais, cun 57,5% de empresas deste sector con páxina web.



Segundo se desprende do estudo do ONTSI, tanto para grandes empresas, como para PYMES e microempresas, o principal obxectivo da páxina web é a presentación da firma. Síguelle en importancia, facilitar o acceso ao catálogo de produtos e prezos, e a declaración de política de intimidad ou certificación relacionada coa seguridade do sitio web.

Obsérvase un incremento dos servizos web para facilitar a compra por Internet: realización de pedidos e reservas ou pagos on-line.

#### Outros usos de Internet

Destaca tamén o importante incremento na porcentaxe de empresas que recurren a Internet tamén para interactuar coa Administración Pública. O 62,5% das microempresas fai uso desta funcionalidade. No caso das grandes empresas e Pymes, a porcentaxe sitúase no 84%.

As actividades profesionais e o sector TIC e audiovisual son os que máis interactúan coas administracións a través de Internet.

### A Xunta presenta unha ferramenta para xestionar a RSE

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, dispón dunha ferramenta informática, denominada Xunta PRORSE que facilita ás empresas a introdución da xestión da responsabilidade social empresarial nas súas estratexias e operación.

Esta ferramenta permitirá mellorar a competitividade das empresas, posto que lles facilitará responder ás novas exixencias da sociedade e os mercados internacionais, o que contribuirá a mellorar o seu desempeño nos ámbitos social e ambiental.

Mediante este servizo, de acceso



gratuito, as empresas que non se teñen iniciado neste campo poderán elaborar un diagnóstico que lles permita coñecer a súa situación e lles trace unha folla de ruta para dar os primeiros pasos.

Nun segundo nivel, a ferramenta permitirá integrar todos os proxectos de RSE que se desenvolvan, as súas características e indicadores

de seguimento, facilitando con isto a xestión e a consecución de obxectivos.

A ferramenta é pioneira a nivel nacional, posto que cunha única inserción de indicadores permite elaborar memorias ou informes con cinco alternativas: o marco establecido polo CERSE, o marco internacional da ONU, unha memoria libre a medida da empresa, ou un informe que no programa se denomina PRO-RSE.

Ésta última opción está pensada para que a empresa poida elaborar un informe que lle axude en posibles relacións coa Xunta de Galicia: contratacións, subvencións, etc.





## Breves

### FEVINO ABRE A INSCRIPCIÓN PARA PROFESIONAIS



O recinto feiral de Ferrol acollerá entre os días 11 e 13 de Marzo a oitava edición do Salón de Vinos de España, Fevino, dirixido fundamentalmente a profesionais do sector (hosteleiros, adegueiros e distribuidores). Máis de 150 firmas, entre adegas e CRDO, tomarán parte, segundo os promotores, neste certame, que xa ten aberta a inscrición gratuita para profesionais a través do enlace [www.fevino.es](http://www.fevino.es). A entrada para non profesionais costará 10€ e poderase adquirir na taquilla do recinto feiral.

### GREENWEEKEND, PARA EMPRENDEDORES VERDES



Madrid albergará entre os días 8 e 10 de Marzo o certame Greenweekend, dirixido a emprendedores con iniciativas xa en marcha ou en proxecto, vencelladas ao sector medioambiental, ou que coas súas actividades contribúan a reducir o impac-

to ambiental.

Durante a fin de semana desenvolveranse as mellores ideas para "emprendedores verdes", convertindo o certame nun punto de encontro para novos empresarios, inversores, mentores e personalidades do sector do medioambiente.

Máis información: [www.greenweekend.org](http://www.greenweekend.org)

### PREVENCIÓN DE RISCOS NA CONSTRUCCIÓN



A sede da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal acollerán entre o 12 de Marzo e o 25 de Abril

un curso de nivel básico para a prevención de riscos na construción, organizado pola CEC (Confederación de Empresarios da Coruña).

O obxectivo da convocatoria é formar aos participantes nos conceptos básicos en materia de Seguridade e Saúde, así como nos riscos xerais e a súa prevención segundo o Convenio Xeral do Sector da Construción 2007-2011, para poder conseguir a tarxeta profesional da construción.

Máis información: [www.cofernet.com](http://www.cofernet.com)

### COFER VISITA O VIVEIRO DE EMPRESAS DA CÁMARA

O presidente de COFER, Isidro Silveira, acompañado de membros do Comité Executivo da Confederación, visitou as instalacións do viveiro de empresas da Cámara de Comercio de Ferrol, convidado pola presidenta do ente cameral, Ana Prego.

O edificio, remodelado en 2002, alberga un total de 11 despachos que no seu día estiveron adicados á iniciativa emprendedora.

Agora os representantes camerais buscan retomar a actividade nestas instalacións, polo que teñen iniciado contactos con entidades empresariais da zona para estudar posibles colaboracións.



### TRABALLO PROMOVE O COOPERATIVISMO



A dirección Xeral de Traballo e Economía Social, está a promover a fórmula do cooperativismo como alternativa para a creación de emprego entre emprendedores, desempregados, titulares de pequenos negocios ou persoas que están recibindo actualmente formación profesional e desexan incorporarse ao mercado de traballo. Para iso promove a exposición "Descubre as cooperativas" e informa aos interesados na web: [www.cooperativasdegalicia.coop](http://www.cooperativasdegalicia.coop)

### A XUNTA CONSIGNA 5 MILLÓNS PARA O DIQUE

Socialistas e populares acadaron un acordo o pasado día 27 de Febrero para incluír nos presupostos autonómicos unha partida de cinco millóns de euros para a construción do dique flotante de Navantia.

Si ben a cantidade non representa nin o tres por cento do investimento necesario, segundo aseguraron dende a Consellería de Economía e Industria trátase dun primeiro paso para a construción dun pool de inversores privados proposto a Navantia, asunto sobre o cal a compañía non se ten pronunciado aínda.

A consignación desta partida acordouse ao aceptar unha enmienda grupo socialista no Parlamento galego aos orzamentos do Igape. Na votación abstivéronse BNG e AGE por entender que a partida non é suficiente.



## Lexislación

### DOG

- Decreto 19/2013, de 17 de xaneiro, polo que se crea o Consello Galego de Traballo Autónomo e se regula a súa composición e funcionamento ([DOG N°28 de 8 de febrero de 2013](#))
- Resolución de 25 de xaneiro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se lle da publicidade ás axudas concedidas ao amparo da Orde de 2 de Marzo de 2012, pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012 ([DOG N°29 de 11 de febrero de 2013](#))
- Resolución de 31 de xaneiro de 2013, da Secretaría Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se lle da publicidade ás axudas concedidas ao amparo da Resolución de 22 de maio de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a establecementos de turismo rural, establecementos hoteleros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos de turismo, axencias de viaxes, cafeterías, bares, restaurantes e empresas de servizos turísticos complementarios, nos procesos de certificación, seguimento, e renovación das correspondentes normas UNE co obxecto da obtención e mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto de Calidade Turística Española (ICTE) e procédese á súa convocatoria para o ano 2012, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 ([DOG N°30 de 12 de febrero de 2013](#))
- Lei 1/2013 de 13 de febrero, pola que se modifica a Lei 13/2006 de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia ([DOG N°32 de 14 de febrero de 2013](#))
- Orde de 14 de febrero de 2013 pola que se regula o procedemento de adjudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar ([DOG N°36 de 20 de febrero de 2013](#))
- Resolución 13 de febrero de 2013 pola que se modifica a Resolución de 11 de maio de 2012 pola que se convocan para o período 2012/13 as subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR Galicia 2007-2013 ([DOG N°37 de 21 de febrero de 2013](#))

### BOE

- Resolución de 28 de enero de 2013 de la Dirección General de Industria y de la Pequeña y Mediana Empresa , por la que se publican las ayudas concedidas en el año 2012 para proyectos presentados al programa de apoyo a las Agrupaciones Empresariales Innovadoras ([BOE N°27 de 31 de enero de 2013](#)).
- Resolución de 18 de enero de 2013, de la Dirección General de Innovación y Competitividad , por la que se publica el Convenio de Colaboración con la Xunta de Galicia para el desarrollo de la Estrategia Española de Innovación en la Comunidad Autónoma de Galicia ([BOE N°32 de 6 de febrero de 2013](#)).
- Resolución de 24 de enero de 2013, de ICEX España Exportación e Inversiones, por la que se convoca para 2013 la concesión de ayudas a través del Programa ICEX-Next de apoyo a la internacionalización de la PYME española no exportadora ocasional ([BOE N°33 de 7 de febrero de 2013](#)).
- Resolución de 13 de febrero de 2013, del Servicio Público de Empleo Estatal, por la que se determina la forma y plazos de presentación de solicitudes de tramitación de las ayudas económicas de acompañamiento incluidas en el programa de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo prorrogado por el Real Decreto Ley 1/2013 de 25 de enero ([BOE N°40 de 15 de febrero de 2013](#)).
- Real Decreto-ley 4/2013, de 22 de febrero de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo ([BOE N°47 de 23 de febrero de 2013](#))



## Axenda

### GALICIA



#### FIMO-Ferrol

Fevino.- 8º Salón Profesional de Vinos de España.- Do 11 ao 13 de Marzo

[www.fevino.es](http://www.fevino.es)



#### EXPOURENSE

XANTAR, 14º Salón Galego de Gastronomía e Turismo.- Do 6 ao 10 de Marzo

PREVISEL, Salón da Prevención e a Seguridade Laboral.- 24-25 Abril



#### FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA-SILLEDA

CIMAG 2013.- Do 28 de Febreiro ao 2 de Marzo

Certame Internacional de Maquinaria Agrícola

[www.cimag.es](http://www.cimag.es)



SALONAUTO LUGO | Do 1 ao 3 de Marzo

MOTOROCASIÓN | Do 8 ao 10 de Marzo

LUGOSTOCK SALÓN DA OPORTUNIDADE | Do 22 ao 24 de Marzo



Palacio de Congresos de Vigo

VIGOURMET.- 8 ao 10 de Marzo

<http://www.palaciocongresosvigo.com/>

### RESTO DE ESPAÑA



IFEMA.- Feria de Madrid

#### MODACALZADO + IBERPIEL.- 9 ao 11 de Marzo

Feria Internacional de Calzado y Artículos de Piel

SEMANA DEL SEGURO.- 12 ao 14 de Marzo

Punto de encuentro del sector asegurador

HOMSEC.- 12 ao 15 de Marzo

Salón Internacional de Tecnologías de Seguridad y Defensa

MOTORTEC AUTOMECHANIKA IBERICA.- 13 e 14 de Marzo

MOTOMADRID.- 22 e 24 de Marzo

Salón Comercial de la Motocicleta

[www.ifema.es](http://www.ifema.es)



#### FIRA DE BARCELONA

INFARMA.- Do 5 ao 7 de Marzo

E-SHOW.- Salón profesional del Comercio Electrónico y Negocios online.- 13-14 de Marzo

SALÓ DE L'ENSENYAMENT.- 13 ao 17 de Marzo

FUTURA.- Salón de Masters y Postgrados.- 15-16 de Marzo

TISSUE WORLD.- Salón internacional de la Industria del Tissue.- 18 ao 21 de Marzo

[www.firabcn.es](http://www.firabcn.es)

### OUTROS EVENTOS



GREENWEEKEND.- Do 8 ao 10 de Marzo. Madrid

Certame para emprendedores verdes



## Integran Cofer:



Asociación de Campings do Noroeste



Asociación de Comerciantes Mercado de Recimil



Asociación de Comerciantes Novo Ferrol



Asociación de Empresarios de As Pontes



Asociación de Empresarias de la Comarca de Ferrol



Asoc. Gallega de Empresarios Depuradores de Moluscos



Asociación de Empresarios Ferrolterra



Asoc. Empresarios de Hostelería de Ferrol e Comarcas

Asociación de Empresarios Instalaciones Eléctricas



Asociación de Empresarios de Instalaciones Eléctricas

Asociación de Empresarios de Limpieza de Edificios y Locales de Ferrol, Eume y Ortegal



Asociación Prov. Empresarios Marítimos de A Coruña



Sección de Empresas Independientes



Asociación de Empresas de Formación



Asoc. de Empresas Siderometalúrgicas de A Coruña-Comarcal de Ferrol



Asociación de Escolas Infantís de Ferrolterra



Asociación de Jóvenes Empresarios Ferrolterra

Ferrolterra  
Jóvenes Empresarios



Asociación de Peluqueros y Esteticistas de Ferrolterra



Asoc. Profesional de Gimnasios e Actividades Físicas de Ferrolterra



Asociación de Profesionales Inmobiliarios del Noroeste



Asoc. Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos de A Coruña



Asoc. de Tecnologías de la Información y la Comunicación de Ferrolterra



Asoc. Veterinarios de Ferrol, Eume y Ortegal

Asociación Empresarial Polígono As Lagoas

Grupo de Empresarios de As Somozas